

# Informe sobre as afiliacións á Seguridade Social

Período de referencia: Marzo de 2026


Data de publicación: 6 de abril de 2026

## Principais resultados

- No mes de marzo de 2026, o número de afiliacións en Galicia situouse en 1.095.875, un 1,53% máis que no mesmo mes de 2025. En España, a taxa de variación interanual foi do 2,46%.
- En Galicia, en termos interanuais, as afiliacións ao réxime xeral subiron un 1,99%, mentres que no réxime especial de autónomos subiron un 0,04%.

## Evolución das taxas de variación interanuais

Unidade: porcentaxe



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridade Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.


## 1 Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de marzo de 2026 acadou a cifra de 1.095.875; o que supón un aumento respecto ao mes pasado de 7.644 afiliacións (0,7%). Para España, a cifra de afiliacións sitúase en 21.882.147, cun aumento do 0,98% respecto ao mes pasado. Estas cifras convierten este mes no mellor mes de marzo desde que hai rexistros.


No mes de marzo, normalmente en Galicia aumenta o número de afiliacións respecto ao mes de febreiro. Neste ano 2026, o incremento das afiliacións foi maior que en 2025.

### Variación mensual das afiliacións nos meses de marzo. Galicia

Variación absoluta



Variación relativa (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridade Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

Na comparativa interanual, obsérvase un aumento de 16.479 afiliacións en Galicia (1,53%) e un aumento do 2,46% (524.501 afiliacións) en España.

Por comunidades e cidades autónomas, todas rexistran un incremento das afiliacións respecto a febreiro de 2026. Illas Baleares (6,95%) e Andalucía (1,44%) son as que máis soben.

Respecto a marzo de 2025, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades e cidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Melilla (5,71%) e Comunidade Valenciana (3,58%).


## Evolución das afiliacións por comunidades e cidades autónomas

CCAA	Afiliación media Marzo 2026	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
Andalucía	3.558.969	50.543	1,44	91.147	2,63
Aragón	632.476	3.245	0,52	12.724	2,05
Asturias, Principado de	393.981	3.069	0,79	8.410	2,18
Baleares, Illas	540.388	35.108	6,95	15.919	3,04
Canarias	962.600	3.353	0,35	25.355	2,71
Cantabria	235.642	2.896	1,24	3.302	1,42
Castela e León	990.980	6.320	0,64	15.506	1,59
Castela-A Mancha	800.882	4.739	0,60	23.148	2,98
Cataluña	3.882.774	32.415	0,84	75.961	2,00
Comunidade Valenciana	2.263.853	21.832	0,97	78.185	3,58
Extremadura	413.441	3.598	0,88	4.651	1,14
GALICIA	1.095.875	7.644	0,70	16.479	1,53
Madrid, Comunidade de	3.879.420	21.719	0,56	112.598	2,99
Murcia, Rexión de	687.736	6.856	1,01	20.664	3,10
Navarra, Comunidade Foral de	316.535	1.642	0,52	5.529	1,78
País Vasco	1.033.410	5.003	0,49	10.971	1,07
Rioxa, A	142.505	995	0,70	2.024	1,44
Ceuta	24.603	260	1,07	518	2,15
Melilla	26.076	271	1,05	1.409	5,71
ESPAÑA	21.882.147	211.511	0,98	524.501	2,46

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

## Contribución das comunidades e cidades autónomas na variación interanual da afiliación mensual

Unidade: porcentaxe



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

## 2 Información por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou respecto a marzo de 2025 en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 1,77%, seguida de Pontevedra (1,51%), Ourense (1,25%) e Lugo (0,91%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de marzo respecto ás do mes de febreiro, Lugo é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación intermensual do 0,94%, seguida de A Coruña (0,73%), Pontevedra (0,68%) e Ourense (0,37%).

### Evolución das afiliacións á Seguridade Social

	Afiliación media Marzo 2026	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
A Coruña	480.406	3.504	0,73	8.343	1,77
Lugo	125.972	1.175	0,94	1.138	0,91
Ourense	108.085	401	0,37	1.336	1,25
Pontevedra	381.413	2.565	0,68	5.663	1,51
GALICIA	1.095.875	7.644	0,70	16.479	1,53
ESPAÑA	21.882.147	211.511	0,98	524.501	2,46

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridade Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

## 3 Información segundo o réxime de afiliación

En marzo de 2026, as afiliacións ao réxime xeral concentran o 79,8% das afiliacións galegas, cun aumento do 0,77% respecto ao mes anterior e un aumento interanual do 1,99%. En España, as taxas foron do 1,07% respecto a febreiro de 2026 e do 2,71% en relación ao mes de marzo de 2025. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (74,8%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-0,93%) e Ourense (-0,26%) presentan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,57%) e A Coruña (0,04%) presentan unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no 0,04%. Para este réxime e respecto ao mes de febreiro de 2026, soben as afiliacións en Pontevedra (0,4%), Ourense (0,3%) e Lugo (0,19%). O conxunto de Galicia presenta unha taxa intermensual do 0,19%. En España, este réxime presenta unha subida interanual do 1,19% e unha subida intermensual do 0,44%.

No réxime especial do mar, a taxa de variación interanual en Galicia foi do -3,69%, con todas as provincias en negativo: A Coruña (-6,6%), Lugo (-4,14%) e Pontevedra (-2,35%). Respecto a febreiro de 2026, a taxa galega é do 3,3%, subindo as afiliacións en todas as provincias: A Coruña (5,61%), Pontevedra (2,66%) e Lugo (0,55%). En España, as taxas indican unha baixada interanual do 1,04% e unha subida intermensual do 4,14%.

## Afiliacións por réximes

### Total

	Afiliación media Marzo 2026	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	480.406	0,73	1,77
Lugo	125.972	0,94	0,91
Ourense	108.085	0,37	1,25
Pontevedra	381.413	0,68	1,51
GALICIA	1.095.875	0,70	1,53
ESPAÑA	21.882.147	0,98	2,46

### Réxime xeral

	Afiliación media Marzo 2026	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	392.026	0,84	2,26
Lugo	94.232	1,19	1,59
Ourense	85.976	0,39	1,65
Pontevedra	302.305	0,67	1,87
GALICIA	874.539	0,77	1,99
ESPAÑA	18.392.075	1,07	2,71

### Réxime especial de autónomos

	Afiliación media Marzo 2026	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	83.582	0,00	0,04
Lugo	30.467	0,19	-0,93
Ourense	22.109	0,30	-0,26
Pontevedra	67.722	0,40	0,57
GALICIA	203.879	0,19	0,04
ESPAÑA	3.429.534	0,44	1,19


### Réxime especial do mar

	Afiliación media Marzo 2026	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	4.798	5,61	-6,60
Lugo	1.273	0,55	-4,14
Ourense	0		
Pontevedra	11.386	2,66	-2,35
GALICIA	17.457	3,30	-3,69
ESPAÑA	59.710	4,14	-1,04

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

## Distribución das afiliacións por réximes. Galicia

Unidade: porcentaxe



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridade Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

## 4 Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador. A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á *Tesorería General de la Seguridad Social* e ao *Instituto Social de la Marina*. A explotación é efectuada pola *Gerencia de Informática de la Seguridad Social*. Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais. Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>